

Comesán 2014

Aprendo a Investigar: Obradoiro de Educación documental e Alfabetización en Información

INTRODUCCIÓN:

Despois de 6 anos de desenvolvemento dun proxecto de mellora e dinamización da biblioteca escolar acadáronse importantes logros na mellora dos hábitos lectores da comunidade educativa así como na formación dos nosos usuarios cara a un uso autónomo e eficaz dos fondos da biblioteca escolar, tanto na procura de información e adquisición de coñecemento coma na do seu goce persoal así como da súa educación literaria.

Así e todo, a avaliación anual da biblioteca seguen amosando un uso escaso da mesma para o desenvolvemento de traballos de investigación individuais ou en equipo.

Así mesmo, e a pesares de vivir na era da información e comunicación e de contar cun alumnado nativo dixital, a realidade é que carecen das habilidades necesarias para filtrar, seleccionar e manipular a inxente masa de información que a web lles proporciona.

É por iso que a biblioteca escolar, xunto cos docentes interesados e ao abeiro dunha actuación nos Contratos-Programa denominada **Aprendo a Investigar: Obradoiros de Educación documental e Alfabetización en Información**, pretende, a través deste proxecto documental, desenvolver a alfabetización en información dos alumnos participantes, é dicir, conseguir que sexan quen de saber cando e por que necesitan información, onde atopala, como avaliala, empregala e comunicala de maneira ética. Traballando ademais nunha aprendizaxe integradora, colaborativa e firmemente asentada na utilización das tecnoloxías da información e comunicación pero sen deixar de lado a creación manual.

O proxecto desenvolvido durante o curso 2013-2014 foi dirixido ao alumnado de 3º de Educación Primaria e deseñado e levado a cabo pola súa profesora titora, M^a Josefa Becerra, en estreita colaboración coa Biblioteca Escolar e traballando dun xeito interdisciplinar os seguintes contidos curriculares:

- o Alimentación
- o Hábitos saudables

Para realizar este proxecto de investigación realizouse a seguinte planificación:

Donde	Cando	Como	Con que
Na biblioteca, na aula e na aula de informática.	Desde decembro do 2013 ata xuño de 2014.	Por equipos, buscando información, investigando.	Todos os recursos que nos poden ofrecer a biblioteca, internet e a tradición oral das familias ...

A actividade inicial desenvólvese no mes de decembro, un calendario saudable que elaboramos coa colaboración da comunidade educativa e que foi entregado a todas as familias nas vacacións de Nadal. (v. Anexo 24)

Durante o desenvolvemento deste proxecto contribuíuse tanto ao desenvolvemento do currículo coma á adquisición das competencias básicas a través das seguintes actividades:

Comunicación lingüística	A comunicación entre os membros dos equipos, a solicitude de información ás familias, a redacción escrita de distintas actividades do proxecto e a presentación oral dos resultados das investigacións á clase. O coidado na redacción de textos escritos, tanto nos Power Point coma nos murais ou nos comentarios de lecturas no catálogo web da biblioteca.
Competencia matemática, científica e tecnolóxica	Análise de datos recollidos na investigación, a dedución de conclusións, análise de gráficos e confección dos mesmos, resolución de problemas matemáticos, interpretación das etiquetas dos alimentos.
Competencia dixital	Procura de información, consulta do catálogo on line da biblioteca, presentación de traballos utilizando un procesador de textos, elaboración de dous Power Point sobre alimentación.
Aprender a aprender	Uso de diferentes fontes de investigación, análise de datos, toma de decisións dentro dos grupos e elaboración propostas persoais.
Competencia social e cívica	Diálogo e respecto mutuo dentro dos grupos, saber esperar e prestar axuda a compañeiros que a necesiten, resolución dialogada e pacífica dos posibles conflitos que poidan xurdir.
Iniciativa e emprendemento.	Favorecer a autoestima promovendo a interacción entre iguais para aprender e aplicando o aprendido na realización de menús saudables.
Conciencia e expresión cultural	Creación de carteis e murais informativos, creacións plásticas como os bodegóns e análise das mesmas, interpretación musical da canción "O tomate" e deseño dunha coreografía orixinal para a canción.

Obxecto ou temática de investigación propostos

Esta é a presentación que fixemos no blog de primaria do centro e que resume o obxecto que quixemos investigar:

“Ola, somos Nerea, Álvaro, Celia, Noelia, Miguel, Ana, Paula, Pablo e Javier. Todos xuntos formamos a clase de 3º de Primaria e dende hoxe ata final de curso imos traballar o tema dos alimentos e da alimentación saudable.

Ao longo do día realizamos moitas actividades: corremos, saltamos, respiramos... polo que gastamos moita enerxía. Neste proxecto en primeiro lugar imos tratar de descubrir quen nos proporciona esta enerxía e de que partes se compoñen os alimentos para pasar despois a tratar a alimentación saudable. Para a realización do proxecto imos utilizar todo o material que nos pode ofrecer a biblioteca do noso centro: libros, atlas, enciclopedias, dicionarios, películas...

Nas seguintes sesións ímosvos ir informando dos nosos progresos.”

Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

O noso proxecto consistiu en investigar e traballar o tema da alimentación saudable a partir dos recursos que nos ofrece a biblioteca do noso centro.

O primeiro paso foi coñecer e explorar a biblioteca, guiándonos pola CDU que nos mostra como están organizados os saberes e que nos permite localizar libros rapidamente (v. Anexo 1).

A continuación empezamos a traballar coas etiquetas ou “tejuelos” dos libros, o DNI de cada libro, que nos proporciona moita información sobre a súa localización dentro dos andeis.

O seguinte paso foi buscar un libro polo seu título ou autor no catálogo en liña da biblioteca. Así puidemos ver a ficha completa do libro, a súa localización, se está ou non dispoñible, a sección na que se atopa e incluso ler comentarios doutras persoas que xa o leron ou consultaron así como facer nós tamén os nosos propios comentarios animando á súa lectura. (v. Anexo 3)

Por último, aprendemos a buscar datos en enciclopedias, dicionarios e atlas e a movernos con autonomía pola biblioteca, buscando nós mesmos as fontes de información para a realización das tarefas que nos encomendaban. (v. Anexo 2 e 4)

Así pois, xa estabamos listos para empezar a investigar sobre a alimentación saudable a partir dunha serie de tarefas (v. Anexos 5-18).

Formamos grupos equilibrados e cada grupo foi recollendo información na biblioteca sobre a tarefa asignada e despois xa na clase analizábana e expoñíaa ao resto dos compañeiros.

Esta información plasmábase en carteis, gráficos, murais e tamén en dúas presentacións en *power point* que fomos elaborando simultaneamente e que están publicados no blog de Primaria. (v. <http://primariaabana.blogspot.com.es/>)

Para rematar , como actividade final fixemos un concurso: Comecocos comesán 2014. (v. Anexo 23)

Dado que xa levábamos uns meses traballando sobre a alimentación e o manexo da nosa biblioteca, decidimos facer este concurso para poñer un pouco a proba os coñecementos adquiridos e o seu manexo para localizar libros e información, non se trataba dunha competición senón de traballar en equipo e resolver xuntos os enigmas propostos.

Mentras durou a nosa investigación desenvolvemos tamén actividades artísticas coma a creación dun bodegón, a interpretación e baile da canción "O tomate" e a lectura e visionado da película *Ratatouille*.

Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado

Tarefa 1. Localización de libros guiándonos pola CDU. Anexo 1.

Tarefa 2. Actividades de asociación libro-etiqueta. Anexo 2.

Tarefa 3. Buscar libros no catálogo web da biblioteca e comentalos. Anexo 3

Tarefa 4. Utilización de dicionarios, enciclopedias, atlas. Anexo 4

Tarefa 5. Fichas para a recollida de información sobre os nutrientes. Anexo 5

Tarefa 6. Elaboración dun cartel. Anexo 6

Tarefa 7. Elixo un menú saudable. Anexo 7

Tarefa 8. Interpreta unha táboa. Anexo 8

Tarefa 9. Comida saudable. Anexo 9.

Tarefa 10. A pirámide de alimentos. Anexo 10,10a

Tarefa 11. Que proporción de nutrientes necesitamos diariamente?. Anexo 11

Tarefa 12. Distribución de alimentos durante o día. Anexo 12.

Tarefa 13. Como facer unha dieta equilibrada. Anexo 13.

Tarefa 14. Interpreta un cadro sobre alimentación. Anexo 14.

Tarefa 15. Le o que comes. Anexo 15.

Tarefa 16. Conservantes e colorantes dos alimentos. Anexo 16

Tarefa 17. Pintura: Bodegón con froitas. Anexo 17.

Tarefa 18. Bodegón con froitas. Anexo 18.

Tarefa 19. Comprensión e interpretación da película *Ratatouille*. Anexo 19

Tarefa 20. O tomate. Anexo 20.

Tarefa 21. Utilización dun procesador de texto para a realización de traballos. Anexo 21.

Tarefa 22. Elaboración dun power point.

Tarefa 23. Concurso **Comecocos Comesan 2014**. Anexo 23

Nestas tarefas desenvolvemos as seguintes actividades:

- Análise des datos recollidos.
- Redacción de proxectos escritos.
- Resumo e análise da película *Ratatouille*.
- Comprensión lectora do libro *Ratatouille* e da película do mesmo nome.
- Exposición oral dos resultados das tarefas asignadas ao resto da clase.
- Manexo dun procesador de texto para a realización de traballos.
- Manexo de Power Point para a realización de presentacións en diapositivas.
- Creación de carteis e gráficos informativos.
- Creacións artísticas: bodegóns, baile para a canción do tomate, combinación de cores para a pirámide alimenticia, decisións de cores e materiais a utilizar nos gráficos e carteis.
- Elaboración de propostas persoais de menús.
- Análise de obras pictóricas: bodegóns de Paul Cezanne e Frida Khalo.
- Autoavaliación.
- Avaliación dos alumnos e do proxecto.

Recursos utilizados e fontes consultadas

A investigación desenvolveuse nos seguintes espazos e coa axuda da seguinte bibliografía básica:

ESPAZOS:

Aula de informática

Biblioteca de Aula

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

- ***¿Por qué debo ... comer de forma saludable?***, Jackie Gaff, Everest, 2007.
- ***¿Por qué debo ... hacer ejercicio?***, Jackie Gaff, Everest, 2007.
- ***Cuerpo y salud***, Gerry Bailey, Steve Way, Everest, 2008.
- ***La sopa de letras + curiosidades del sentido del gusto***, Elena Gisbert, Nuria Rodríguez, Tony Amago, Miniland, 2010.
- ***El aparato digestivo***, Sally Hewitt, Todolibro.
- ***¿ Comida basura? No, gracias***, Larkum, Adam / Knighton, Kate, Usborne, [2009].
- ***Los porqués de la salud***, SM, 2004.
- ***La alimentación a tu alcance***, Mira Pons, Michèle, Oniro, 2010.
- ***La salud a tu alcance***, Puech, Marion / Zrcher, Muriel, Barcelona, Oniro, [2008].
- ***Un jardín para comer a tu alcance***, Latyk, Olivier / Tordjman, Nathalie, Barcelona : Oniro, 2008.
- ***De la maceta a la cazuela : cultiva tus plantas y icómetelas!***, Elsa Aguiar, Madrid : SM, 2009.
- ***La pequeña ciencia de la salud***, Valentín Fuster, Planeta, 2011.
- ***Eres lo que comes, una guía sobre dieta y salud***, Van Wyk, Rupert, Gray, Lyn, Law, Felicia, Everest, 2010.
- ***Una cocina toda de chocolate***, Alain Serres; Nathalie Novi, Kokinos, 2009.
- ***Una cocina tan grande como un huerto***, Alain Serres; Martin Jarrie, Kokinos, 2008.
- ***Una cocina tan grande como el mundo***, Alain Serres; Zaü, Kokinos, 2008.
- ***Ratatouille***, Disney.
- ***El cuerpo humano en pop-up: sistema digestivo***, Steve Alton, Nick Sharratt, SM, Madrid, 2011.
- ***Come que te come***, Charles e Maureen Clark, SM, 2010.
- **Selecion de páxinas web educativas relacionadas coa temática.**

Implicación da comunidade educativa

Neste proxecto estivo implicado ademais dos nenos/as de 3º e a profesora titora, a Biblioteca Escolar con todos os seus recursos, bibliográficos e humanos, as profesoras especialistas de Educación Artística, as clases de informática, a clase de educación física e os responsables de elaboración dos menús do comedor escolar.

As familias tamén se implicaron complementando información con receitas e menús saudables, colaborando na elaboración do calendario saudable, apoiando no uso das TIC e na busca de información en internet, proxectando a película *Ratatouille* nas súas casas para visionala antes de proxectala no colexio e asistindo á exposición dos seus traballos nos corredores do centro. (v. anexo 25)

Difusión dos traballos entre a comunidade educativa

A partir da análise de todo o traballado no proxecto os alumnos/as chegaron á conclusión de que o aprendido lles podía servir de moito para a vida diaria: saber alimentarse, coñecer o que nos aporta cada nutriente, en que fallamos na nosa alimentación ... Desta forma van sendo conscientes do seu papel na sociedade, e de que eles tamén poden ser axentes do cambio.

O proxecto foi difundido ao resto da comunidade educativa a través dos blogs de Educación Primaria e da Biblioteca Escolar así como a través da páxina web do centro e coa exposición dos murais e carteis elaborados polos alumnos, sendo considerado por todos os seus visitantes como moi interesante.

- Blog de Primaria: <http://primariaabana.blogspot.com.es/>
- Blog da Biblioteca Escolar: <http://arslegendi-abania.blogspot.com>
- Web do CPI San Vicente:
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpisanvicente/>

Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias básicas do currículo, entre outros aspectos

O seguimento e avaliación do proxecto fíxose a partir das fichas de traballo, dos diarios e do blog de cada proxecto e dos produtos finais de cada un deles: murais, presentacións dixitais, vídeos, exposicións fotográficas e diferentes actividades de creación artística: poesía, narración, debuxo e música.

Tamén nos pareceu conveniente que fosen os mesmos alumnos os que fixesen unha valoración do seu traballo e do proxecto.

Autoavaliación dos alumnos:

Aspectos a avaliar	Moi ben 4 puntos	Ben 3 puntos	Regular 2 puntos	Mal 1 punto	Puntos
Cumprín cos obxectivos.	Conseguín todos os obxectivos	Conseguín a maioría dos obxectivos	Conseguín menos da metade dos obxectivos	Apenas conseguín os obxectivos.	
A relación cos demais membros	Mantiven un clima de	Contribuíñ a manter	A relación co meu	A relación co meu	

do grupo foi	traballo excelente cos compañeiros	un bo ambiente no meu grupo.	equipo , foi aceptable	equipo foi mala.	
Participei en todas as actividades	Participei en todas as actividades.	Non participei en todas as actividades.	A miña participación foi algo escasa.	Apenas contribuíno ao traballo en equipo.	
Axudei a crear as actividades plásticas	Colaborei en todas as actividades plásticas	Colaborei en algunhas actividades plásticas.	Colaborei pouco nas actividades plásticas.	Non colaborei nas actividades plásticas.	
Observacións:					

Avaliación do proxecto polos alumnos:

Aspectos a avaliar	Moi ben 4 puntos	Ben 3 puntos	Regular 2 puntos	Mal 1 punto	Puntos
As tarefas resultaron ...	Moi interesantes	Poderían mellorarse algo.	Habería que mellorar moitas actividades.	Habería que cambiar as actividades.	
Os contidos que aprendín considéroos	Aprendín moito	Aprendín bastante.	Aprendín pouco.	Non aprendín nada.	
A organización pareceume ...	Todas as tarefas estaban planificadas de antemán.	Habería que organizar algunhas actividades doutra forma.	Habería que planificar moitas actividades.	Estaban moi desorganizadas.	
Creo que a aplicación do proxecto á realidade foi ...	Podo aplicar todo á vida diaria.	Creo que me servirán bastante no futuro.	Algunhas cousas pódoas aplicar no futuro	O proxecto non ten aplicación na miña vida.	
O traballo en equipo valóroo ...	Foi moi boa experiencia .	Foi boa experiencia .	Case non aprendín do meu equipo.	O traballo co meu equipo debe mellorar.	

As actividades na biblioteca parecéronme ...	Moi interesantes	Interesantes	Habería que mellorar moitos aspectos.	Habería que cambialas todas.	
As tarefas de investigación resultáronme ...	Moi Interesantes e divertidas.	Foi unha boa experiencia .	Algunhas actividades resultáronme difíciles.	Non me gustaron .	

Avaliación dos alumnos:

Criterios de avaliación.	Sempre	As veces	Nunca
Busca libros a partir das etiquetas.			
Comprende e respecta a organización dos fondos da biblioteca escolar.			
Localiza libros na biblioteca utilizando o catálogo en liña da biblioteca do centro.			
Utiliza libros para buscar información e preparar exposicións.			
Coñece os nutrientes dos alimentos e as súas características.			
Sabe cales son as bases para levar a cabo unha alimentación saudable.			
Recoñece as repercusións positivas que ten para a saúde das persoas a seguridade alimentaria.			
Participa na creación de carteis e murais informativos e outros tipos de creacións plásticas.			
Colabora cos compañeiros, sabe traballar en equipo e prestar axuda ao compañeiro cando a precisa.			
É respectuoso e sabe esperar, compartir e comprender.			
Sabe reflectir oralmente e por escrito os coñecementos adquiridos.			
É capaz de aplicar á vida real os coñecementos adquiridos.			
Aporta ideas creativas para o desenvolvemento do proxecto.			

Avaliación do proxecto:

Aspectos a avaliar.	Moi ben.	Ben	Regular.	Mal	Puntos
Obxectivos	Conseguíronse todos	Conseguíuse a maior	Quedan obxectivos	O proxecto non contribúe a	

conseguí os	os obxectivos.	parte dos obxectivos.	por conseguir.	conseguir os obxectivos.	
Aplicación á vida diaria.	As actividades foron excelentes.	A maior parte son aplicables á realidade.	A presentación debe mellorar	Debemos cambiar o proxecto.	
Valoración do proxecto polos alumnos.	Máis do 75% valorárono positivame nte.	Máis do 50% valórono positivament e.	Máis da metade deron unha valoración negativa.	Máis do 75% ten unha opinión negativa.	
Participaci ón das familias.	Todos realizaron as actividades de facer en familia.	Moitos alumnos realizaron as actividades de facer en familia.	Algúns alumnos non finalizaron as actividades de facer en familia.	Non fixo estas actividades.	
En xeral o proxecto resultou ...	Recomenda ble para outros grupos.	Interesante para volver a facelo pero con melloras.	Necesita bastantes melloras.	É mellor non volvelo facer.	
<u>Observaci óns</u>					

Unha vez pasadas estas fichas de avaliación chegamos á conclusión de que o proxecto lles pareceu interesante e divertido, pois todos os días pedían para ir á biblioteca.

Son máis autónomos e móvense xa con soltura e confianza na biblioteca, abren o catálogo web cada vez que collen un libro de lectura e miran se hai algún comentario, e incluso estanse animando a deixar o seu propio comentario. Por suposto tamén contribúen a manter a orde na biblioteca, colaborando cos profesores responsables na colocación dos libros nos seus andeis correspondentes.

Así mesmo, notamos unha mellora na convivencia dentro dos grupos, no saber esperar, no respecto mutuo, nunha actitude sempre disposta a prestar axuda aos compañeiros.

Tamén comprobamos que este xeito de traballar favoreceu a súa autoestima, pois cada vez movíanse con maior seguridade na procura de información en distintas fontes así como na presentación oral do resultado das súas pescudas ao resto da clase.

Melloraron a súa competencia dixital coa presentación de traballos utilizando un procesador de textos e Power Point e manexando o catálogo web da biblioteca escolar e as súas posibilidades.

Melloraron a súa expresión oral e escrita, coidando o seu xeito de comunicar a información ou as súas opinións.

Perdéronlle o medo a facer e interpretar gráficas, carteis, a facer menús saudables e agora cada vez que ven un alimento envasado analizan a súa etiqueta.

A experiencia foi, polo tanto, moi positiva tanto para os alumnos como para a profesora titora e os responsables da Biblioteca Escolar que teñen previsto repetir a experiencia en cursos vindeiros.

Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso

A Biblioteca Escolar contribuíu dun xeito importante xa que nos proporcionou todos os recursos documentais e humanos necesarios para poder levar a cabo o noso proxecto de xeito que os alumnos, ademais de investigar sobre un tema: a alimentación saudable, tamén se foron familiarizando cos mecanismos de busca de información e foron progresando no traballo intelectual.

A función e participación da biblioteca neste proxecto, con todos os seus recursos materiais e humanos, foi contribuír ao éxito do mesmo do seguinte xeito:

- Proporcionando o espazo de traballo.
- Colaborando no deseño e planificación de actividades.
- Seleccionando e adquirindo todos os recursos documentais cos que se traballou durante todo o proxecto.
- Formando aos pequenos investigadores na comprensión da sinalización do espazo da biblioteca, na localización numérica dos saberes, na organización dos fondos e o seu etiquetado.
- Formando aos pequenos investigadores no manexo e localización de información nos libros de consulta: dicionarios, atlas e enciclopedias.
- Formando aos pequenos investigadores no manexo do catálogo web da biblioteca e na localización de fontes de información.
- Estimulando e motivando o seu traballo, mediante actividades lúdicas, entretidas cooperativas e que estimulaban a súa curiosidade e as súas gañas de saber.
- Deseñando, en colaboración coa profesora titora o concurso **Comecocos Comesán**.
- Premiando o seu esforzo e a súa paixón polo traballo desenvolvido cunha mochila e un fermoso libro de consulta. (v. Anexo 25)